



O último ano no que naceron en Galicia máis de dous fillos por muller foi en 1981.

Entre 1991 e 2011 a penas nacen entre 0'9 e 1'1 fillos por muller, moi por baixo da taxa europea (1'5-1'6), tendo a cotío un dos peores datos da UE.

A Comisión Europea alerta dende hai tempo das graves consecuencias desta situación para o conxunto da UE.

Levamos máis de vinte anos en que morren máis galegos dos que nacen. A diario veñen morrendo de media 20 galegos máis dos que nacen no seu lugar.

Durante esas décadas pasadas vivimos anos de fartura económica e de recesión, pero a situación a penas variou, a pesares da mellora dos indicadores económicos respecto dos anos 80 do pasado século.

En 2010, a media de idade da poboación galega era de 44'9 anos. Na UE era de só 40'9 anos.

En 2010, a porcentaxe da poboación comprendida entre 65 e 79 anos era en Galicia do 15'1%, mentres que na UE era do 12'7%. Os maiores de 80 anos eran o 6'7% en Galicia, fronte ao 4'7% na UE.

A porcentaxe de poboación maior de 65 anos respecto da poboación comprendida entre 15 e 64 anos, era en 2010 do 32'7 en Galicia, mentres que na UE aínda era do 25'9.

En 2020, as proxeccións indican que esa taxa de dependencia subiría en Galicia a 39'3, mentres que na UE sería de 31'4.

Tendo uns indicadores demográficos nefastos, difíciles de atopar noutros países europeos, semella que a sociedade galega non é consciente do que isto implica para o seu futuro colectivo en todos os eidos.

O Instituto de Estudos das Identidades do Museo do Pobo Galego quere abordar este problema dende unha vertente nova, centrándose nas consecuencias desta desfeita, na concienciación social e na reflexión sobre as medidas que poidan axudar a superar esa situación ou a paliar as súas máis graves manifestacións.

A demografía, igual que acontece coas restantes expresións do ser colectivo do noso Pobo –lingua, cultura, dereito civil, gastronomía...–, é unha obra común de todos os galegos. Por iso cómpre dar voz á sociedade civil do país.

En 2005 o Padroado do Museo do Pobo Galego aprobou a creación dun Instituto de Estudos das Identidades no seo desta institución museística. O IEI concibiuse como un medio axeitado para levar a cabo unha función recoñecida, legal e tecnicamente, aos museos etnolóxicos: a de investigar e potenciar o patrimonio material e inmaterial da sociedade representada neles, así como contribuír ao estudo e á formulación de solucións para aqueles problemas que teñan especial relevancia para a sociedade galega.

En función deste obxectivo xeral, o Instituto de Estudos das Identidades decidiu promover foros de debate sobre asuntos de actualidade que afecten ao corpo social de Galicia. Así, realizáronse foros sobre Territorio, paisaxe e identidade, Inmigración, cidadanía e identidade, e Turismo e Identidade.

O problema da tendencia demográfica e, hoxe, un dos que máis inciden nas expectativas de futuro da nosa sociedade. Por iso o IEI decidiu organizar uns foros para debater a actual situación demográfica de Galicia.

FOROS

COORDINACIÓN:

Manuel Blanco Desar

DIRECCIÓN:

Carlos García Martínez

INFORMACIÓN:

teléfono: 981 583 620

fax: 981 554 840

correo: info@museodopobo.com

www.museodopobo.com

FOROS sobre natalidade e vellez en Galicia

Estes foros pretenden centrar os debates en analizar por que a sociedade galega non ten artellada unha resposta, consensuada e integral fronte ao grave problema do seu acelerado e intenso avellentamento, un dos maiores de Europa, logo de padecer durante décadas unha natalidade das máis cativas do noso continente.

Asemade, os foros aspiran a encetar un debate na sociedade civil, centrado na pescuda de solucións viables e sostibles, co maior consenso posible, para mantelas durante o tempo que fose preciso.

Os intervincentes nos foros han ser cidadáns que se acheguen ao problema dende a experiencia: nais e pais, xoves, xeriatras, pediatras, profesionais relacionados co mundo do traballo e da empresa, creadores de opinión,... sen desbotar a participación de expertos e especialistas en demografía, economía ou socioloxía. Tratarase así de analizar que motiva os galegos a ter ou non ter fillos, as futuras consecuencias do avellentamento e avaliar novas propostas de solucións.

Os foros desenvolveranse en diversas localidades, e ó cabo recompilaranse as sínteses das intervencións xunto con achegas de especialistas, para elaborar un volume que se porá a disposición dos cidadáns. El ha ser a testemuña futura da concienciación e dos esforzos por dar seiva nova a este vello corpo social con personalidade de seu que é Galicia.

CO PATROCINIO DE:



28 DE XUÑO DE 2012. 20h00
Santiago de Compostela
Fundación Novacaixagalicia, rúa do Vilar

PARTICIPAN:

Prof. Rita Radl Philipp

(catedrática de Socioloxía, USC)

Dra. Dolores Monteagudo

(Sociedade Galega de Xerontoloxía,
profesora da Universidade Fernando Pessoa do Porto)

Dr. Manuel Macía Cortiñas

(xefe de Obstetricia do CHUS)

Dona Marinha Cavaleiro

(Asociación Mámoa)

MODERADOR:

D. Luís Pousa (*El Correo Gallego*)

ORGANIZA:



COA COLABORACIÓN DE:

El Correo Gallego

Fundación NovacaixaGalicia

Caixa Rural Galega

COORDINACIÓN: Manuel Blanco Desar

DIRECCIÓN: Carlos García Martínez

INFORMACIÓN:

teléfono: 981 583 620

fax: 981 554 840

correo: info@museodopobo.com

www.museodopobo.com

Natalidade e vellez en Galicia

FOROS



Tiraleite. Gundivós

Un pobo con pasado,
un pobo con futuro?

xuño-decembro 2012